

## **REXISTRO CIVIL DE PONTEVEDRA**

### **DOCUMENTOS NECESARIOS PARA INICIAR EXPEDIENTE DE MATRIMONIO CIVIL**

**DEBERÁN COMPARECER O DÍA DA CITA OS DOUS CONTRAENTES E AS TESTEMUÑAS, DEBENDO PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN QUE A CONTINUACIÓN SE RELACIONA**

#### **A) OS DOUS CONTRAENTES (EN TODOS OS CASOS):**

1. SOLICITUDE (Descargar e cubrir a solicitude de matrimonio)
2. DNI, PASAPORTE OU NIE en vigor.
3. CERTIFICADO LITERAL DE NACEMENTO expedido hai menos dun ano polo Rexistro Civil do lugar de nacemento (as persoas nacionalizadas deben achegar só o certificado de nacemento español).
4. ACREDITAR A CIDADE DE RESIDENCIA, acreditarase co PADRÓN MUNICIPAL (caduca aos tres meses desde que se expide). Para o suposto de domiciliados no estranxeiro deberán achegar certificado equivalente.
5. DOUS TESTEMUÑAS CO SEU D.N.I. (deberán comparecer o día da cita)
6. En caso de ter fillos en común, deberán manifestalo no momento da comparecencia.

#### **B) ADEMAIS, DEBERÁN TRAER SEGUNDO SEXA O SEU CASO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN**

##### **- ESPAÑÓIS:**

**DIVORCIADOS OU ANULADOS:** CERTIFICADO LITERAL DO MATRIMONIO ANTERIOR COA ANOTACIÓN MARXINAL DO DIVORCIO OU A NULIDADE.

**VIÚVOS:** CERTIFICADO LITERAL DO MATRIMONIO ANTERIOR E CERTIFICADO LITERAL DE DEFUNCIÓN DO CÓNXUXE FALECIDO.

##### **- ESTRANXEIROS:**

Certificado de capacidade matrimonial ou certificado de soltería, segundo o que estableza a lei do seu país. E ademais os:

**DIVORCIADOS OU MATRIMONIOS ANULADOS:** Certificado literal do matrimonio anterior coa anotación marxinal do divorcio ou a nulidade.

**VIÚVOS:** Certificado literal do matrimonio anterior e certificado literal de defunción do cónxuxe falecido.

Toda a documentación, sexa cal sexa, que estea en lingua estranxeira, debe ser acompañada por unha TRADUCIÓN realizada por tradutor xurado.

ADEMAIS, O ORIXINAL DA DOCUMENTACIÓN ESTRANXEIRA, ESTE ESCRITO EN ESPAÑOL OU NOUTRO IDIOMA, DEBE SER DEBIDAMENTE LEGALIZADO (infórmese no seu Consulado ou no Ministerio de Asuntos Exteriores de España)

O contraente que non fale español deberá comparecer sempre no rexistro civil con tradutor xurado.

### **- MENORES DE IDADE:**

Deberán obter con carácter previo á presentación dos documentos para o matrimonio: ou ben a emancipación entre os 16 e os 18 anos (que deberá constar inscrita como nota á marxe da inscrición de nacemento) ou ben a dispensa de idade (a partir dos 14 anos)

### **- OS ASILADOS OU REFUXIADOS:**

Deberán achegar certificado da Dirección Xeral da Policía, do ACNUR ou da Cruz Vermella ou dos organismos correspondentes (cos datos persoais do interesado) acreditativo de tal condición.

### **- MATRIMONIO POR PODERES**

Ademais, deberá achegar a seguinte documentación:

- Poder expedido a unha persoa residente en España debidamente legalizado e traducido, no seu caso, polo que se autoriza a instar o expediente e representalo no acto da celebración.
- Domicilio da Embaixada ou Consulado máis próximo á persoa que resida no estranxeiro.

### **CON CARÁCTER XERAL É IMPORTANTE TER EN CONTA:**

1º. Non fixar data de celebración antes de finalizado o expediente.

2º. No Rexistro Civil de Pontevedra, celébranse vodas sempre en venres, podendo ser unha ou dúas ao mes.

3º. Deberán ter claro no momento de presentar a documentación o lugar onde van celebrar o matrimonio.

### **Onde presentalo:**

No Rexistro Civil do domicilio (lugar de empadramento) dun/dunha dos/das interesados/as, previa cita que se solicitará en [www.xustiza.gal](http://www.xustiza.gal) nos seguintes trámites segundo o caso:

- Trámite: “Expedientes matrimoniais”.
- Trámite: “Matrimonio mixto” no caso de que os cónxuxes sexan un/unha de nacionalidade española e outro/outra estranxeira. **ADVÉRTESE QUE NON SE PODERÁ SOLICITAR A CITA ATA QUE TEÑAN TODA A DOCUMENTACIÓN INDICADA.**

### **Sección Expedientes**

**Teléfonos: 986825797 - 986803983**

**Correos electrónicos: [registrocivil.pontevedrausticia.es](mailto:registrocivil.pontevedrausticia.es)  
[registrocivil.pontevedra@xustiza.gal](mailto:registrocivil.pontevedra@xustiza.gal)**